



Alice Guy

# BRAVXS

*Alice  
Guy*

Durante décadas o nome de Georges Méliès apareceu como o do primeiro director de un filme de ficción, pero isto non foi así. Aínda que os irmáns Lumière patentaron en febreiro de 1895 o cinematógrafo e que o 22 de marzo proxectaron en París a primeira película da historia: *La sortie des ouvriers des usines Lumière à Lyon Monplaisir*, nun ano outras persoas adiantáronos, empezando a explorar a capacidade do cine de contar historias. Por iso, a primeira persoa que usou o cine para contar historias foi a visionaria Alice Guy, aínda que o seu nome está a serinxustamente esquecido só por unha razón: ser muller. En abril de 1896 Guy dirixiu *La Fée aux Choux* (A fada dos repolos), a primeira película, con moitos trucos visuais e de montaxe, que durou máis dun minuto, e a pioneira tamén en contar unha historia, o conto de fadas francés que asegura que os nenos nacen en repolos e as nenas en rosas. Tamén filmou o primeiro número humorístico do cine: O regador regado, introduciu aspectos técnicos (cor, son), que posteriormente foron fundamentais no cine e realizou o primeiro filme con actores negros. Durante décadas traballou entre Francia e Estados Unidos, ata realizar case mil filmes, pero pola misoxinia da época, dende os anos corenta o seu nome desapareceu da historia do cine. En 1905 rodou en España varios, pero un tormentoso divorcio levouna a regresar a Francia en 1922, e a súa estrela apagouse. En 1906 rodou a película *As consecuencias do feminismo* primeiro filme humorístico e feminista onde as mulleres se comportan como o fan os homes co fin de denunciar as inxustizas do patriarcado, que ela tamén sufriu.

Universida de Vigo

Unidade  
de Igualdade

Cátedra de  
Feminismos 4.0

 DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA